

**Acta núm. 11/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 21 de xuño de 2022.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
José Luis Sampedro Bouzas.
Sandy Marie Cebral Gómez (con retraso).
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 21 de xuño de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 10/2022, DO 07.06.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) MODIFICACIÓN LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 6º) MODIFICACIÓN LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 7º) RENUNCIA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PISCINA MUNICIPAL CUBERTA CLIMATIZADA.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 10/2022, DO 07.06.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 07.06.2022, acta núm. 10/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO JAVIER LÓPEZ OTERO, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda sita na urbanización Monte Devesa 24 – Os Ánxeles:

- Limpeza, reparación e pintado das fachadas.
- Substitución da tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 132,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 196,77 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ANTONIA FRAILE BASANTA, que di actuar en representación de MARCOS FRAILE DE LA TORRE, na que comunica que vai realizar obras de conservación, de escasa entidade, para garantir as condicións de illamento e

estanquidade nunha vivenda sita na rúa Gondar 4 – Brión, substituíndo a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (referencia catastral núm 6562205NH2466S0001DO) onde se pretende executar a obra emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2), sitúase dentro do contorno de protección da Carballeira de Santa Minia, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como BE7, e segundo informe da arquitecta, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos, en base a Instrución de 8 de novembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 68,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 132,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Manuel Vázquez Santamarina, que di actuar en representación de ÁLVARO VÁZQUEZ ARUFE, na que comunica que vai construír unha beirarrúa no interior da parcela para mellorar as condicións de estanquidade e illamento dunha vivenda sita en Cabanas 13 – Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral núm. 5136610NH2453N0001RG), emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 5,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 69,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da COMUNIDADE PROPIETARIOS AVDA VICENTE RAMOS 44, na que comunica que vai reparar filtracións na fachada lateral do edificio sito na Avda. Vicente Ramos 44, e que afectan á vivenda sita no baixo C.

A edificación (parcela con referencia catastral núm. 7248805NH2474N0000PH), emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2), sitúase dentro do contorno de protección dun elemento integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como TEICBE1, e segundo informe da arquitecta, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos, en base a Instrución de 8 de novembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 143,14 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 207,71 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DIEGO MARTÍNEZ SANTOS, na que comunica que vai instalar oito paneis solares fotovoltaicos para autoconsumo na cuberta dunha vivenda sita na Avda. Vicente Ramos 10 – Os Ánxeles.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 100,86 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 165,43 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SUSANA ESPÍÑO FERNÁNDEZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras nunha parcela sita na rúa Cancelos – Os Ánxeles:

- Construír unha única edificación auxiliar (alpendre) de 50 m2, dunha única planta e escasa entidade construtiva.
- Peche da totalidade do perímetro da parcela con postes e reixa metálica.
- Instalación dunha piscina.

A parcela emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2), dentro da zona de policía do rego do Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 12.06.2021 (Clave DH.W15.75314), e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 477,06 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 541,63 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CRISTINA VILLVERDE PARGA, na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita en Cabreiros 18 – Brión, en contacto coa vía pública, dunha lonxitude aproximada de 18 metros lineais e 1,80 metros de altura, con fábrica de mampostería de pedra; tamén poñerá un portalón de acceso de vehículos.

A parcela (referencia catastral núm. 6161405NH2466S0001WO), emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O peche situarase mínimo a 4 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 124,57 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación de 2003 HORIZONTAL COMUNIDADES SL, na que comunica que vai construír unha base de formigón soterrada de aproximadamente 8,30 metros de lonxitude, na parte traseira do edificio “O Soutiño”, para facer un peche.

A edificación (referencia catastral núm. 6349334NH2465S0000HF), emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,50 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 81,07 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BEATRIZ YERMO GARCÍA, na que comunica que vai construír un peche na vivenda sita en Babenzo 37 – Bastavales, con pedra ata unha altura de 1,20 metros e por enriba lamas de aluminio en cor, ata unha altura total de 1,80 metros, medidos dende a rasante da beirarrúa.

A edificación, “Complejo residencial O Mirador”, (referencia catastral núm. 7821910NH2472S), emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 157,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 221,97 euros.

Neste intre incorporase á sesión con retraso a Srª. Concelleira Cebal Gómez.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Pena Noya, que di actuar en representación de MARÍA DE LOS ÁNGELES VILLARONGA TORRES, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar e unha pequena edificación na parte traseira da parcela sita en Estrar 42 – Os Ánxeles, segundo o proxecto de execución asinado polo arquitecto Jesús Pena Noya, visado con data 25.04.2022 (expte. nº 2200982).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral nº 7039408NH2474S000UQ) emprázase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 (áreas consolidadas pola edificación), e atópase dentro da zona de afección dun elemento catalogado polo PXOM (Cruceiro de Estrar/clave: AC4).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 08.04.2022 (expte. 3146/21), e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto Jesús Pena Noya, visado con data 25.04.2022 (expte. nº 2200982).

.- Deberá axustarse aos requisitos impostos na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 08.04.2022.

.- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (26,55 m² aceptado pola Xunta de Goberno Local do 08.01.2019 con ocasión da concesión da licenza de segregación), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

.- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

.- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en

calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.491,61 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.587,64 euros.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Margarita Sánchez Vázquez, que di actuar en representación de MARÍA SERAFINA FERNÁNDEZ PÉREZ, na que solicita licenza de segregación, agrupación, división e regularización de predios rústicos a partir de catro parcelas matrices sitas en Liñares, das que resultarán cinco parcelas resultantes logo das operacións que se describirán a continuación, segundo proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnica agrícola Cristina Margarita Sánchez Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas A Coruña – Pontevedra o 02.06.2021, (número de visado CO- 20210388), e documentación técnica complementaria aportada con data de 11.05.2022 e posterior do 09.06.2022.

I-DESCRICIÓN DAS PARCELAS DE ORIXE:

Suman a totalidade das parcelas de orixe unha extensión superficial de: 6.802,41 m2.

FINCA 1. Finca núm. 438 do plano de concentración parcelaria de San Fins de Brión.

Referencia catastral: 5848305NH2454N0001OO.

Superficie : 1.046,51 m2, segundo medición recente.

Clasificación: atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-2).

Lindeiros:

.- Norte: Estrada provincial de Os Ánxeles a Viceso.

.- Sur: María Serafina Fernández Pérez.

.- Leste: María Serafina Fernández Pérez (439).

.- Oeste: Camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

FINCA 2. Finca núm. 439 do plano de concentración parcelaria de San Fins de Brión.

Referencia catastral: 5848304NH2454N0001MO.

Superficie: 915,68 m², segundo medición recente.

Clasificación: Ten dúas: 705,54 m² se atopan clasificados dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-2), e unha franxa na parte leste da finca de: 210,14 m², situase dentro da área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1.

Lindeiros:

.- Norte: Estrada provincial de Os Ánxeles a Viceso.

.- Sur: María Serafina Fernández Pérez.

.- Leste: parcela excluída de C. P., propiedade de María Serafina Fernández Pérez.

.- Oeste: María Serafina Fernández Pérez (438).

Sobre está finca hai parte dunha edificación destinada a almacén.

FINCA 3.- Finca excluída de concentración parcelaria.

Referencia catastral: 5848301NH2454N0001LO e parte das fincas 15013B506053440000MQ e 15013A034004240000UQ.

Superficie: 740,31 m², segundo medición recente.

Clasificación: Ten dúas: a parte norte, cunha superficie de: 545,99 m², está situada dentro da área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza: NRL-1 (núcleos da zona Leste), e o resto da finca, concretamente no lado sur da mesma, cunha superficie de: 194,32 m², atópase dentro da delimitación de solo clasificado como "solo rústico de protección agropecuaria (RC).

Lindeiros:

.- Norte: Estrada de Os Ánxeles a Viceso.

.- Sur: María Serafina Fernández Pérez.

.- Leste: herdeiros de Manuel Sánchez.

.- Oeste: María Serafina Fernández Pérez (439).

Sobre está finca hai unha edificación destinada a vivenda unifamiliar e outra a almacén.

FINCA 4. Finca núm. 914 adicional ao plano de concentración parcelaria de San Fins de Brión.

Referencia catastral: 15013B506053440000MQ.

Superficie: 4.099,91 m², segundo medición recente.

Clasificación: Ten dúas: a parte norte cunha superficie de: 450,41 m², está situada dentro da área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza: NRL-2, e o resto cunha superficie de: 3.649,50 m², atópase dentro da delimitación de solo rústico con dúas categorías: 70,36 m² en solo rustico de protección forestal, e: 3.579,14 m² en solo rústico de protección agropecuaria.

Lindeiros:

.- Norte: María Serafina Fernández Pérez (438 e 439).

.- Sur: zona excluída.

.- Leste: finca excluída de concentración parcelaria de María Serafina Fernández Pérez.

.- Oeste: Ramón Rodríguez García,(resto finca número 440-a) e camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria

II.- OPERACIÓNS DE SEGREGACIÓN E CONSEQUINTE AGRUPACIÓN, CON POSTERIOR SEGREGACIÓN OU DIVISIÓ:

A.- SEGREGACIÓNS A REALIZAR:

1.- PARCELA SEGREGADA 1:

Á parcela número 439 do plano de Concentración Parcelaria de San Fins de Brión, descrita como pacela 2 de orixe, segregáselle unha porción de terreo cunha extensión superficial de: 210,14

m2, delimitada esta segregación pola línea que separa a área consolidada pola edificación (NRL-1), da área non consolidada pola edificación (NRL-2).

2.- PARCELA SEGREGADA 2:

Á finca excluída de concentración parcelaria, descrita como finca 3 de orixe, segregáselle unha porción de terreo cunha extensión superficial de: 194,32 m2, sendo delimitada esta segregación pola línea que deslinda o solo de núcleo rural do solo rústico de protección agropecuaria.

3.- PARCELA SEGREGADA 3:

Á finca número 914 adicional ao plano de Concentración Parcelaria de San Fins de Brión, descrita como finca 4 de orixe, segregáselle unha porción de terreo cunha extensión superficial de: 450,41m2 , delimitada esta segregación pola liña que deslinda o solo de núcleo rural do solo rústico de protección agropecuaria.

B.- AGRUPACIÓN.

Parcela agrupada A:

Agrúpanse as seguintes parcelas para formar a PARCELA AGRUPADA A; a parcela número 438 do plano de concentración parcelaria de San Fins de Brión, o resto da finca matriz número 439 do plano de concentración parcelaria de San Fins de Brión e a Parcela Segregada 3. Deste xeito a parcela agrupada A alcanza unha superficie de: 2.202,46 m2.

Parcela agrupada B:

Agrúpanse as seguintes parcelas para formar a PARCELA AGRUPADA B; resto da finca excluída de concentración parcelaria e a Parcela Segregada 1. Deste xeito, a PARCELA AGRUPADA B alcanza una superficie de: 756,13 m2.

Sobre está finca hai unha edificación destinada a vivienda e unha construción destinada a almacén.

C.- DIVISIÓN.

1.- A PARCELA AGRUPADA A, descrita no apartado anterior, vaise dividir en dúas novas parcelas:

- .- PARCELA A1, situada ao Oeste, e queda cunha superficie de: 1.153,17 m2.
- .- PARCELA A2, situada ao Leste, alcanza unha superficie de: 1.049,29 m2.

III.- DESCRICIÓN DAS PARCELAS RESULTANTES DAS OPERACIÓNS ANTERIORMENTE DESCRITAS: SEGREGACIÓN, AGRUPACIÓN E DIVISIÓN:

1.- PARCELA A1: Procedente da división da Parcela Agrupada A.

Superficie bruta: 1.153,17 m2.

Superficie de cesión para viario: 103,88 m2.

Superficie neta: 1.049,29 m2.

Clasificación: atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-2)

Lindeiros:

- .- Norte: Estrada de Os Anxeles a Viceso.
- .- Sur: María Serafina Fernández Pérez, (resto de finca nº 914).
- .- Leste: Parcela A2, que se describe a continuación.
- .- Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

2.- PARCELA A2: Procedente da división da Parcela Agrupada B.

Superficie: 1.049,29 m2.

Superficie de cesión para viario: non ten cesión.

Clasificación: atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-2).

Lindeiros:

- .- Norte: Estrada de Os Ánxeles a Viceso.
- .- Sur: María Serafina Fernández Pérez, (resto de finca nº 914).
- .- Leste: Parcela Agrupada B.
- .- Oeste, Parcela A1, descrita anteriormente.

3.- PARCELA AGRUPADA B:

Superficie: 756,13 m2.

Superficie de cesión para viario: non ten cesión.

Clasificación: atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural, (NRL-1).

Lindeiros:

- .- Norte: estrada de Os Ánxeles a Viceso.
- .- Sur: María Serafina Fernández Pérez.
- .- Leste: herdeiros de Manuel Sánchez.
- .- Oeste: Parcela A2.

Sobre esta finca hai dúas edificacións, unha dedicada a vivenda e a outra a almacén.

4.- RESTO DA FINCA NÚMERO 914 ADICIONAL AO PLANO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN FINS DE BRIÓN.

Superficie: 3.649,50 m2.

Superficie de cesión para viario: non ten cesión.

Clasificación: atópase dentro de la delimitación de solo clasificado como solo rústico, con dúas categorías: 3.579,14 m2 en solo rústico de protección agropecuaria e: 70,36 m2 en solo rústico de protección forestal.

Lindeiros:

- .- Norte: María Serafina Fernández Pérez (Parcelas A1, A2 e parcela agrupada B).
- .- Sur: zona excluída.
- .- Leste: Parcela Segregada C e fincas excluídas de concentración parcelaria de María Serafina Fernández Pérez.
- .- Oeste: Ramón Rodríguez García, (resto da finca número 440-a).

5.- PARCELA SEGREGADA C: Procedente da segregación sobre a finca excluída de concentración parcelaria.

Superficie de: 194,32 m2.

Clasificación urbanística: atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

Lindeiros:

- .- Norte: Parcela Agrupada B.
- .- Sur: terreo excluído de María Serafina Fernández Pérez.
- .- Leste: herdeiros de Manuel Sánchez.
- .- Oeste: resto da finca número 914 adicional ao plano de Concentración Parcelaria de San Fins de Brión.

IV.- REGULARIZACIÓN DE PREDIOS RÚSTICOS: SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN.

Sobre a parcela denominada resto da parcela número 914 adicional ao plano de Concentración Parcelaria de San Fins de Brión, e descrita baixo o número 4 do expositivo III, segrégaselle unha porción de parcela de: 529,88 m2, e á súa vez agrúpase coa Parcela Segregada C, descrita baixo o número 5 do expositivo III, a parcela resultante de agrupación PARCELA AGRUPADA C, alcanza unha superficie de: 724,20 m2.

V.- DESCRICIÓN DAS PARCELAS RESULTANTES DE REGULARIZACIÓN DE PREDIOS RÚSTICOS:

- 1.- Porción restante da finca número 914 adicional ao plano de concentración parcelaria de San Fins de Brión.

Superficie de: 3.119,62 m²
Clasificación urbanística: atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo rústico: 3.049,26 m² como solo rústico de protección agropecuaria e: 70,36 m² no suroeste como solo rústico de protección forestal.

Lindeiros:

Norte: María Serafina Fernández Pérez (Parcelas A1 e A2).

Sur: zona excluída.

Leste: Parcela Agrupada C.

Oeste: Ramón Rodríguez García, (resto da finca número 440-a).

2.- Parcela agrupada C.

Superficie de: 724,20 m².

Clasificación urbanística: atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

Lindeiros:

Norte: Parcela Agrupada B.

Sur: zona excluída.

Leste: herdeiros de Manuel Sánchez e finca excluída de concentración parcelaria de María Serafina Fernández Pérez.

Oeste: Porción restante da finca número 914 adicional ao plano de concentración parcelaria de San Fins de Brión.

VI.- CONCRECIÓN DAS PARCELAS RESULTANTES, DESPOIS DOS PROCESOS ANTERIORMENTE DESCRITOS.

PARCELAS INICIAIS: 4

PARCELAS RESULTANTES: 5.

1.- PARCELA A1: Procedente da división da Parcela Agrupada A.

Superficie bruta de: 1.153,17 m².

Superficie cesión para viario: 103,88 m².

Superficie parcela neta: 1.049,29 m².

Clasificación urbanística: atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-2).

Lindeiros:

.- Norte: Estrada de Os Ánxeles a Viceso.

.- Sur: María Serafina Fernández Pérez, (resto de finca nº 914).

.- Leste: Parcela A2, que se describe a continuación.

.- Oeste: camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

2.- PARCELA A2: Procedente da división da Parcela Agrupada A.

Superficie: 1.049,29 m².

Superficie cesión: non ten cesión.

Clasificación urbanística: atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-2).

Lindeiros:

.- Norte: Estrada de Os Ánxeles a Viceso.

.- Sur: María Serafina Fernández Pérez, (resto de finca nº 914).

.- Leste: Parcela Agrupada B.

.- Oeste: Parcela A1, descrita anteriormente.

3.- PARCELA AGRUPADA B:

Superficie de: 756,13 m².

Superficie cesión: non ten cesión.

Clasificación urbanística: atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-1).

- .- Lindeiros:
- .- Norte: estrada de Os Ánxeles a Viceso.
- .- Sur: María Serafina Fernández Pérez.
- .- Leste: herdeiros de Manuel Sánchez.
- .- Oeste: Parcela A2.

Sobre esta finca hai dúas edificacións, unha dedicada a vivenda e a outra a almacén.

4.- PARCELA AGRUPADA C.

Superficie de: 724,20 m².

.- Clasificación urbanística: atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

.- Lindeiros:

Norte: Parcela Agrupada B.

Sur: zona excluída.

Leste: herdeiros de Manuel Sánchez e finca excluída de concentración parcelaria de María Serafina Fernández Pérez.

Oeste: Porción restante da finca número 914 adicional ao plano de Concentración Parcelaria de San Fins de Brión.

5.- PORCIÓN RESTANTE DA FINCA NÚMERO 914 ADICIONAL AO PLANO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN FINS DE BRIÓN.

Superficie de: 3.119,62 m².

Clasificación urbanística: atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo rústico: 3.049,26 m² como solo rústico de protección agropecuaria e: 70,36 m² no suroeste como solo rústico de protección forestal.

Lindeiros:

Norte: María Serafina Fernández Pérez (Parcelas A1 e A2).

Sur: zona excluída.

Leste: Parcela Agrupada C.

Oeste: Ramón Rodríguez García, (resto da finca número 440-a).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de: 103,88 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 322,85 euros.

Total: 322,85 euros.

QUINTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Flavia Concepción Piñeiro Ces, que di actuar en representación de JUAN MANUEL IGLESIAS DE LA IGLESIA, na que solicita a modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 22.03.2022, para construír unha vivenda unifamiliar en Saime nº 28 - Bastavales, segundo proxecto de execución asinado polos arquitectos María Cruz Lijó Pérez, Flavia Piñeiro Ces e Francisco Prieto Orallo, que conta con visado colexial (nº2106763), de data de 22.11.2021, e documentación posterior con datas de visado de 07.03.2022 e 10.03.2022.

Segundo o informe do arquitecto municipal, segundo o novo documento técnico achegado de data de visado colexial de 08.04.2022, (expte. 2106763.6), redactado polos arquitectos María

Cruz Vigo Castro, Flavia Piñeiro Ces e Francisco Prieto Orallo, a modificación pretendida atinxe aos seguintes puntos:

1. A superficie da parcela na que se propón a construción presenta unha menor superficie que a considerada no anterior proxecto, e que o lindeiro oeste varía a súa posición sensiblemente, situándose o extremo norte deste lindeiro un pouco máis cara o leste e o extremo sur un pouco máis cara o oeste.
2. Coas modificacións introducidas sobre a configuración e extensión superficial da parcela; a superficie real de mesma é de 925 m², e coincidente cos datos da concentración parcelaria e do Rexistro da Propiedade. En consecuencia, no presente caso, e en virtude dos aliñamentos oficiais sinalados polo PXOM sobre a totalidade da fronte da parcela; **NON HAI CESIÓN PARA VIAIS.**
3. Tamén como consecuencia da alteración da configuración da parcela, cómpre modificar lixeiramente o emprazamento da edificación en orde a cumprir cos retranqueos esixibles a lindeiros.
4. Por outra banda, significar que o subministro de auga fornecerase finalmente desde unha traída veciñal existente con conexión desde o lindeiro oeste, manténdose en todo caso o compromiso de conexión ao servizo de abastecemento en canto esté dispoñible, de acordo co establecido ao respecto polo artigo 24, apartado 5, da Lei 9/2016, do solo de Galicia (LSG).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a modificación da licenza de obra outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 22.03.2022, con arranxo ao novo documento técnico achegado de data de visado colexial de 08.04.2022, (expte. 2106763.6), redactado polos arquitectos María Cruz Vigo Castro, Flavia Piñeiro Ces e Francisco Prieto Orallo, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 0,00 euros.
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 64,57 euros.

SIXTO.- MODIFICACIÓN LICENZA DE SEGREGACIÓN.

Segundo informe do arquitecto municipal, detectouse o seguinte erro material por parte técnico municipal á hora de redactar o informe que serviu de base para concesión de licenza de segregación outorgada a MARÍA TERESA VILOUTA CASAIS e MARÍA JOSEFINA SALGADO VILOUTA, en Xunta de Goberno Local de data 19.04.2022.

O erro concretase na descrición do linde leste da parcela de matriz, a saber: A parcela catastral: 6940502NH2464S0001QZ, por erro á hora de transcribir púxose 6940502NH2464S0001OZ, sendo a referencia catastral correcta a seguinte: 6940502NH2464S0001QZ. Este erro corríxese na descrición da parcela matriz.

Tamén se detecta erro material de transcripción, por conta do autor do proxecto, que se concreta na definición do linde leste da parcela segregada, parcela C. O erro consiste en que á hora de describir o número das parcelas catastrais, produciuse unha confusión, tal e como se puido comprobar e contrastar coa planimetría presentada no proxecto, xa que en vez de catro fincas catastrais, son realmente tres. Este erro aquí detectado corríxese na descrición da parcela segregada ou parcela C do presente informe.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a modificación da licenza de segregación outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 19.04.2022, que afecta ao número de referencia catastral da parcela matriz, que é

6940502NH2464S0001QZ, e non coa terminación "OZ" como figura na licenza orixinal, e á descrición do lindeiro leste da parcela de resultado denominada Parcela C, de tal xeito que son as seguintes tres parcelas catastrais e non catro, coas que linda por este vento: 6940511NH2464S0001OZ, 6940502NH2464S0001QZ e 6940503NH2464S0001PZ, manténdose no demais o resto das condicións establecidas na licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 19.04.2022.

2º) Notificar este acordo ás interesadas.

SÉTIMO.- RENUNCIA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta da instancia presentada por ANA REY SILVA e JUAN JOSÉ CALVETE ESPASANDÍN, na que expoñen que con data 10.11.2020, concedeulles licenza de obra para a construción dunha vivenda unifamiliar en Brión de Abaixo 28 – Brión, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto Juan José Blanco Mella, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 07.07.2020 (n.r.e.: 2003146), e que a día de hoxe non van construír a vivenda proxectada, polo que renuncian á licenza concedida. Comprobouse que non foi iniciada a construción.

Vistos os informes favorables da arquitecta e do asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia presentada polos interesados da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 10.11.2020 para a vivenda unifamiliar illada que se ía construír en Brión de Abaixo 28 – Brión, quedando a licenza sen efecto.

2º) Que se proceda á tramitación do expediente de devolución do ICIO, previo informe de intervención.

3º) Notificar este acordo aos interesados.

OITAVO.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PISCINA MUNICIPAL CUBERTA CLIMATIZADA.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión de data 14.06.2022, que transcrita di:

Antecedentes:

1. Por providencia desta alcaldía do 27.05.2022, acordouse:

“ 1. Con data 26 de maio de 2011 o Concello asinou coa empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L., con CIF: B-94017225, o contrato de xestión do servizo público de piscina municipal cuberta climatizada de Brión, mediante concesión.

2. O prazo de duración do contrato é de dez (10) anos, a contar desde a data de inicio da prestación do servizo, data que se acreditará mediante acta subscriba polo Concello e o contratista. A acta sinalada que consta no expediente ten data de 16 de agosto de 2011, polo que o contrato remata con data 15 de agosto de 2021, non estando prevista nos pregos de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de prórroga.

3. O Pleno con data 3 de agosto de 2021, adoptou o seguinte acordo: 1º) Acordar a continuación por razóns de interese público do servizo de piscina municipal cuberta climatizada de Brión, por parte da empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L., por un prazo máximo de seis meses, ata o 15 de febreiro de 2022.

4. A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, con data 08.02.2022, adoptou o seguinte acordo: 1º) Acordar a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de servizo de piscina municipal cuberta climatizada, por parte da empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L., nos

mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 26 de maio de 2011, polo tempo imprescindible para a realización da adxudicación dun novo contrato.

5. Resultando que por esta alcaldía mediante contrato menor de servizos adxudicouse á empresa BRULAR GESTIÓN S.L. o contrato de: Elaboración dun estudo de viabilidade económico - financeira para a explotación dos servizos da piscina municipal, sendo remitido ao Concello con data 24.12.2021.

6. Resultando que por esta alcaldía mediante contrato menor de servizos adxudicouse á empresa BRULAR GESTIÓN S.L. o contrato de: Redacción do PCAP E PPT e avaliación de criterios subxectivos de ofertas do contrato de concesión de servizos da instalación deportiva municipal da piscina cuberta climatizada, sendo remitido ao Concello con data 29.04.2022.

Resultando que é necesario tramitar expediente para realizar unha nova contratación, ao ser unha competencia municipal.

Ao abeiro das competencias desta alcaldía, dispoño:

1º) Iniciar o expediente para a licitación do contrato de: Concesión de servizos para a xestión e explotación da piscina cuberta climatizada do Concello, por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, polo prazo de dez anos.

2º) Que se incorporen ao expediente os seguintes documentos:

- O estudo de viabilidade económico - financeira para a explotación dos servizos da piscina municipal referenciado.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas (PPT).
- Informe xurídico de secretaría.
- Informe de fiscalización de intervención.

Logo de realizados estes trámites déase conta a esta alcaldía para a continuación do expediente.””

Fundamentos de dereito.

1.- A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares é competencia do órgano de contratación (art. 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

2.- Consonte co disposto nos artigos 131,146.2 e 156 e ss. da LCSP a forma de adxudicación deste contrato será por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

3.- O artigo 117 da LCSP regula a aprobación do expediente de contratación.

4.- O valor estimado do contrato supera os límites cuantitativos establecidos no apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da LCSP, polo que corresponde a competencia para tramitar o expediente á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, en virtude do acordo plenario de delegación de competencias do 27 de xuño de 2019, publicado no BOP do 3 de xullo de 2019.

Visto o expediente tramitado con todos os documentos que o integran, e os informes preceptivos de secretaría e de intervención, propoño á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Servizos, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o estudo de viabilidade económico - financeira para a explotación dos servizos da piscina municipal, asinado pola empresa BRULAR GESTIÓN S.L. que consta no expediente

presentado no Concello con data 24.12.2021 (r.e. 202199900001249), considerando este documento como xustificativo da excepcionalidade prevista no art. 174.5 da Lei reguladora das facendas locais.

2º) Aprobar o expediente de contratación do servizo público de piscina cuberta municipal climatizada e iniciar a licitación por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, mediante publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante do Concello que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado.

3º) Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, previsto no art. 156 da LCSP, que han rexer o contrato e que constan no expediente, asinados pola alcaldía con data 02.06.2022.

4º) Autorizar o gasto desta anualidade con cargo á aplicación: 342.47900, adoptándose o compromiso de consignar nos orzamentos das anualidades seguintes, ata o total de 10 anos de duración da concesión, os créditos necesarios para facer fronte aos gastos derivados deste expediente de contratación.

5º) Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante para os efectos da presentación de ofertas polos licitadores.

6º) Facultar expresamente a esta alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, en virtude do acordo plenario de delegación de competencias do 27 de xuño de 2019, publicado no BOP do 3 de xullo de 2019, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta ditaminada nos seus propios termos.

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,23 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González